



Expediente núm. 527/2021

DECRETO DE ALCALDÍA

**AXUDAS INDIVIDUAIS DESTINADAS Á PROMOCIÓN DA
AUTONOMÍA PERSOAL E A ACCESIBILIDADE**

CORRECCIÓN DE ERROS

D. Manuel González López, Alcalde do Concello de Outes, dita a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Vistas as bases de convocatoria das axudas individuais destinadas á promoción da autonomía persoal e a accesibilidade, publicadas no BOP nº 206, do 28 de outubro de 2021, Corrección de erros publicado no BOP nº 225, do 25 de novembro de 2021.

Vista a proposta realizada pola comisión avaliadora nomeada segundo o punto 9 da mencionada convocatoria.

Observado un erro no Decreto 2021-0575, asinado o 20/12/2021, onde non se reflectiron aqueles solicitantes aos que se lle denega a axuda individual destinada á promoción da autonomía persoal e a accesibilidade, arriba referenciada,

RESOLVO

1. Avocar para este trámite concreto a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante Resolución 2019-0171 do 28 de xuño, motivada pola urxencia para cumprir con prazos administrativos en relación á xustificación de subvención do POS adicional para gastos sociais 2021 e polo interese social inherente a ditas axudas, consonte o artigo 10.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
2. Conceder as axudas individuais solicitadas, polos conceptos e importes que se relacionan seguidamente:



Nome e apelidos	Prestación solicitada	Contía concedida
I. C. L. DNI: **.***.*63S	Pasamáns e soporte para escaleira	1500 €
O. G. G. DNI: **.***.*12N	Adaptación do cuarto de baño	1500 €
A. C. G. DNI: **.***.*11P	Lupa	655 €
D. M. M. DNI: **.***.*87Q	Cama articulada	1495 €
R. C. A. DNI: **.***.*26J	Cama articulada	1495 €
C. S. P. DNI: **.***.*53C	Cama articulada	640 €
M ^a F. S. C. DNI: **.***.*69H	Adaptación do cuarto de baño	1500 €
E. D. C. DNI: **.***.*04H	Cama articulada	1500 €
M ^a D. C. C. DNI: **.***.*27W	Cadeira xiratoria para bañeira	190 €
A. C. D. C. DNI: **.***.*71X	Cama articulada	1300 €
M ^a C. N. A. DNI: **.***.*43F	Adaptación do cuarto de baño	821,44 €
M ^a J. S. C. DNI: **.***.*73E	Plataforma salvaescaleiras	1500€

3. Denegar as axudas individuais solicitadas, polos motivos que se relacionan seguidamente

Nome e apelidos	Motivo da denegación
D. C. S. DNI: **.***.*43P	Falecemento
P. V. T. DNI: **.***.*19C	Superación do límite de ingresos económicos establecido na convocatoria

4. Dispoñer e aprobar o gasto consonte co Informe de Intervención obrante no expediente.
5. Dar conta desta resolución aos servizos de Tesourería, para a súa tramitación.
6. Notificar esta Resolución aos interesados.

Outes, na data que figura á marxe

O Alcalde
D. Manuel González López

Perante min
O Secretario Accidental
Andrés Busto Allo

